



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA) PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “RELEVO XENERACIONAL NAS FAMILIAS CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL” NO ANO 2019

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por ausencia do director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, en virtude da Disposición Adicional<sup>1ª</sup> do Decreto 176/2015, do 3 de decembro,

#### DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar con AGASFRA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase AGASFRA dende o 1 de xaneiro de 2019 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social e AGASFRA para a execución do programa “Relevo xeneracional nas familias con persoas con discapacidade intelectual”, que consiste en concienciar aos irmáns da persoa con discapacidade intelectual da necesidade de implicarse nunha atención compartida coas pais, reducindo as incertidumbres e as posibles “ansiedades” que poidan ter as familias á hora de acometer este cambio/relevo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, AGASFRA é unha entidade que utiliza un enfoque integral e individualizado na determinación das actuacións de intervención en función das necesidades de cada persoa usuaria, centrado nas





potencialidades de cada persoa e non nas súas carencias, baseado entre outros nos principios de aprendizaxe funcional e socializador.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

